

- **Lugar:** Arredondas, TARAMUNDE.
- **Narradora:** Jimena Calvín Prieto, 84 anos (2012).
- **Recopiladores:** Jesús Suárez López y Fernando Ornos Fernández.
- **Grabacióis:** *Oito clases d'herbas* • *A Santa Compañía*.

Oito clases d'herbas

Teño muitos anos pero sei que la cousa inda estimaba qu'houbera algunha herba d'esas porque hai muitos que yes salen temores e dicen que se é o cáncer, y aquela cousa de cáncer nun sería, pero mal aspecto tiña, que abría así e botaba pus, e despois lavábano con augua fervida, porque, claro, nun habería outra cousa ou qué sei eu. Eu o que sei que miña madre curaba esa enfermidade e viñan muitos vela e muitos chamala, e nun foi ningún que nun os curase. Inda o amo d'esta casa, que era meu sogro, tiña un bulto así, aquí nu pescozo, e pasaba por alí e miña madre era mui... era tratanta, fora a súa vida, e díxoye:

—¿E qué tes aí nu pescozo?

Y él decía que era bruxaría, que nun cría en nada. E díxolle miña madre:

—¿E sabes lo que tas aí?, que por unde che dá, hache levar, hate levar.

Que levaba por undequera que che daba. Aquí en Lourido deulle a ún e levóulle a perna pula raíz. E miña madre esos curábaos. E díxoye o outro:

—¡Ah!, doime e nun sei qué teño.

E dixo:

—Tu o que tes, tes que facer o que che mande.

E fíxuyu e sanóu. E... y a miña sogra tamén, tamén a curara d'unha perna, hincháralle unha perna que nun podía andar, entón foi ver a miña madre. Entón díxolle:

—Tes o fornigu y o toupu.

E xa lle sacóu miña madre da rodilla un güesín que xa llo arrancara. Ya curóu, e nun quedóu coxa. Curóu muita xente así. Ya pois enfermidades qui eran antes e nun había medicamentos e curábase con herbas. Y ou iba a buscar as herbas porque viñan muitos, nunca nada lles cubróu, nin nunca, nunca, nunca. Eu iba a ver se me daban algo, tamén corría ben buscando as herbas, a ver se me daban cinco céntimos ou se me daban dez, iba volando que conocíaas todas. Unha era pé de toxo, outra a herba colorada, outra a seda, así nombres

de... eran oito clases de herbas. E mira, parece mentira que haiga... ¡pues curaba! Aquelo si que era cierto que curaba; pero que curóu algún temor qu'era imposible. Pues a truita, que parece mentira, que traía a truita viva y que lla botaban e que ás vintecatro horas que xa nun tiñan un dolor. Nun tiñan xa dolor, era así. Eu era o que vía eu, viñan muitos ergue-la espinilla y eu tamén taba mirando e... inda muitas veces cando vexo así pur aquí... agora nun podo porque hai qu'apreta-los güesos. Y esto do estómago mandáballes que puñesen así unha cinta apretada dende que eso. E apretábalo... había qu'apretalo dous ou tres días, porque erguían de momento e volvía a caer. Y eu inda tamén inda a erguía pur aí a algunhos, porque eu o que víralle a miña madre ya eso y as palabras sabíaas. Inda muitas veces a ergo a miña nora de que ta en Andorra, que di que lle doe o estómago e chámame por teléfono e dizme:

—Dime a espinilla, que teño dolor e tal...

E érguese de palabra, e parece mentira. Eu agora d'esto nun cunto nada a naide porque dicen qu'é unha bruxería, e... eso pasóu, era cousa antigua, agora hai úas cousas modernas, entenderánse con elas. Eu calo a boca porque agora, se dicen eso, dicen: “Éche meiga, éche bruxa”. Nun se pode decir eso. Y eu calo a boca.

A Santa Compañía

A meu padre salíralle a santa compañía, nun sei si era se no, ora qu'él dixo que si. E puñíase... puñérase hasta mal da cabeza. Resulta que tiña un irmáu qu'andaba tratando nas navallas. E traía... traíaas nun burru y andaba polos pueblos vendendo despóis nelas. Ya morfú aí en Castropol, e meu padre nun sei qué cumprara, o casarío ou nun sei qué, e nun ye fixera o entierro. Entonces foi busca-la... o que lle quedara a él en Castropol e levóu un cabalo... o cabalo que tiñan eles, e cando viña pra acó empezóu oír unha cousa cumu se fora... todo pulu aire. Viña unha procesión polo aire. Unhos iban e outros viñan, unhos iban, outros viñan. En cada sitio que pasaba qu'había un cementerio, aumentaba muito máis o ruido aquel. E meu padre, claro, pos que tiña que vir pra a casa, outra cousa nun podía facer. E veu aquilo dende Castropol hasta cerca de Pardiñas, y alí desaparecéu todo. Pro despóis nun podía tar no escano sentado, dicía que vía a seu irmáu. Ye taba c'aquelo, e decían: “Ta tolo” e “ta tolo”. E xa nun quiría qu'o cullese a noite fora, po un día cadróu que foi a un prado e tuvo mirando e víu que se taba poñendo o sol. Entonces agarróu e veu... viña pra a

casa, pro había un... bastante... taba bastante lonxe. Escurecéu de todito, e cando taba cerca da casa xa nun vía pulu camín, dixo: "Deron en caer follas dos árboles, y eu quedéi parado", y entoncias presentóuselle diante unha sombra. E díxolle él... aquela sombra:

—Nun me teñas medo que son teu irmáu.

E díxolle meu padre:

—Pos meu irmáu sabía o credo.

E díxolle él:

—Pois se u sabía tamén o saberá.

Empezóulle a decilu, po despóis tando falando, que dixo que lle fixese o enterro, porque deixara a herencia na casa, pois tando falando d'aquelo díxolle meu padre:

—¿E tu nun decías que nun facía falta nada d'eso?

Dixo que ye tirara tamaño berro... díxoye:

—¡Oye!, hai infierno, pulgatorio, y hai cielo, ¡pa quien lo merezca!

E dixo todo esto, desaparecéu. Meu padre nun fixo outra cousa máis ca ir y facerlle o enterro. E fíxollo e desaparecéu. Eu d'esas cousas si que teño oído muito contar y agora desaparecéu.



026.

JIMENA CALVÍN PRIETO
Arredondas, TARAMUNDE

Foto: Jesús Suárez López

